

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DUN PLAN INTEGRAL DE CONTROL DE POMBAS NA CIDADE DE LUGO. (EXPDTE: 24-2015). Acta corrección erro e proposta de adxudicación

Sendo as 14:00 horas do día 16 de setembro de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada-asesora da Asesoría Xurídica, actuando como suplente do titular da Asesoría Xurídica.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- don Manuel Regueiro Sánchez, Técnico do servizo de Parques e Xardíns.
- don Manuel Louzao Aldariz, Técnico de administración xeral do servizo de contratación, actuando como Secretario.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do secretario a dar conta da existencia doutro erro no informe emitido polo xefe do servizo técnico de parques e xardíns, manifestado por éste, posto que na valoración realizada, puntuábase a metodoloxía cun máximo de 2 puntos e os medios auxiliares, materiais e humanos cun máximo de 3 puntos, cando no prego de cláusulas administrativas particulares se establece que a valoración da metodoloxía será ata un máximo de 2,75 puntos e a dos medios auxiliares, materiais e humanos ata un máximo de 1,75 puntos.

Tras pulsar a opinión os membros da mesa de contratación, acórdase proceder a corrixir a puntuación, respectando a proporcionalidade e outorgando a mesma puntuación final pero esta vez sobre os valores máximos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, tendo en conta que resultado final en ningún caso se ve alterado.

O resultado final coas puntuacións correctas é o que se sinala a continuación:

	Metodoloxías propostas	Medios auxiliares, materiais e humanos	Oferta económica	TOTAL PUNTUACIÓN
ROBERTO SOLOGAISTUA	0	0	0	0
AGRONERGA, S.L.	0,69	0,58	5,5	6,77
LOCUS AVIS, S.L.U.	2,75	1,75	2,13	6,63

Así pois en vista das puntuacións, a mesa de contratación reitera a exclusión do procedemento de ROBERTO SOLOGAISTUA, por non cumprir o mínimo esixido no prego de condicións e acorda seleccionar como empresa economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **AGRONERGA, S.L.**

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo.: Manuel Louzao Aldariz